

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE MAIO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de maio de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 16 de maio de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL, CURSO 2023-2024**

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria urgente celebrada o día 12 de decembro de 2015, acordou aprobar de xeito definitivo

a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal. Dita Ordenanza foi modificada parcialmente por acordo plenario de data 2 de marzo de 2017.

Segundo.- Os textos definitivos da Ordenanza e da súa modificación foron publicados no Boletín Oficial da Provincia núm. 244 e 93, correspondentes aos días 18/12/15 e 16/05/17 respectivamente.

Terceiro.- O apartado 5 da Ordenanza dispón literalmente: *“Anualmente a Xunta de Goberno Local realizará no mes de maio a convocatoria específica para o curso académico iniciado o ano anterior”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria específica para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal, correspondentes ao curso académico 2023-2024.

Segundo.- Establecer a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) como contía máxima global das axudas a conceder na presente convocatoria, con cargo á partida orzamentaria 320/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2024.

Terceiro.- Publicar a correspondente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

### ***3.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARA AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN INTER VIVOS DA LICENZA MUNICIPAL DE TAXI NÚM. 10***

#### **ANTECEDENTES**

1º.- Dona Elisa Guerra Viana, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicitou con data 20 de maio de 2024 (RE-E núm. 271) a transmisión da licenza de taxi núm. 10, da que é titular,

a favor da súa filla Dona Mélodi Guerra Guerra, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no mesmo lugar e parroquia.

2º.- A licenza de taxi núm. 10 foi outorgada inicialmente a Don Manuel Pallares Porto por acordo do Pleno do Concello adoptado na sesión celebrada o día 12 de abril de 1975.

3º.- Con posterioridade á concesión inicial, consta no expediente que a licenza foi transmitida en tres ocasións: a favor de Dona María Saladina Santomé Silva, en virtude de execución de sentenza xudicial; a favor de Don José Antonio Guerra Albor, por acordo da Comisión de Goberno do Concello de data 21 de xullo de 1995; e a favor de Dona Elisa Guerra Viana, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de data 17 de xaneiro de 2018.

4º.- A licenza atópase en vigor a esta data e adscrita, dende o día 18/06/18, ao vehículo marca SEAT, modelo TOLEDO, con matrícula 0915KLM e co número de bastidor [REDACTED], que declaran ser o previsto para continuar coa prestación do servizo por parte da adquirente da licenza.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 17.1 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia (LTPG) dispón textualmente: *“Previa autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e acredite que cumpre cos requisitos para ser titular destes segundo o establecido na presente lei. Dita transmisión non terá a consideración de outorgamento de novos títulos (...).”*

Segundo.- O artigo 17.3 do mesmo texto legal establece que para dita transmisión dos títulos habilitantes a persoa interesada solicitará, en primeiro lugar, o da licenza de taxi.

Terceiro.- Unha vez verificado polo Concello o cumprimento dos requisitos para autorizar a transmisión, deberá achegarse copia da solicitude e da documentación existente á dirección xeral correspondente en materia de transportes da Xunta de Galicia, que emitirá informe, no prazo dun mes, sobre a procedencia de transmitir a autorización interurbana de taxi.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Efectuar proposta de resolución favorable para a transmisión inter vivos da licenza municipal de taxi núm. 10 da que é titular Dona Elisa Guerra Viana, a favor da súa filla Dona Mélodi Guerra Guerra.

Segundo.- Declarar acreditados o seguintes requisitos, de conformidade co disposto no artigo 11.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LTPG:

a) Que transcorreu un mínimo de dous anos dende a adquisición pola persoa transmitente da condición de titular da licenza.

b) Que as persoas transmitente e adquirente están ao corrente das súas obrigacións tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.

c) Que nin a persoa transmitente nin a adquirente teñen pendentes de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercicio da actividade como taxista que lles foran impostas polo Concello por resolución administrativa firme.

d) Que a persoa adquirente non superaría, como consecuencia da transmisión, o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular, de acordo co disposto no artigo 9 e concordantes da LTPG, así como que dita persoa cumpre os requisitos para ser titular da licenza municipal.

e) Que non se impuxo a prohibición de transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción da licenza, nin obsta ningún outro impedimento para a transmisión.

Terceiro.- Achegar certificación deste acordo, xunto co expediente tramitado, ao Servizo de Mobilidade da Dirección Territorial en Pontevedra-Vigo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para que emita, de ser o caso, o informe vinculante sobre a procedencia de transmitir a autorización interurbana de taxi, de conformidade co previsto no artigo 17.3 da LTPG.

#### **4.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE AXULIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do próximo remate do contrato de dúas auxiliares de axuda no fogar que estaban a prestar o servizo a través duns contratos laborais temporais, modalidade de circunstancias da produción, que legalmente non está permitida a súa prórroga. Por outra banda, faise preciso subliñar que ditas prazas están incluídas na Oferta Pública de Emprego excepcional da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e que os correspondentes procesos selectivos foron convocados por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 16 de maio do corrente. Considérase convinte para o interese público prover temporalmente eses postos de traballo namentres se desenvolven ditos procesos selectivos a fin de evitar prexuízos aos/ás usuarios/as de dito servizo.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal de substitución para a cobertura temporal de postos de traballo durante o proceso de selección para a cobertura definitiva mediante contratos fixos, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, a tempo completo e por un período de tres meses, das seguintes traballadoras:

- ✓ PAULA LAVANDEIRA ARÁN, con DNI núm. [REDACTED].
- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. [REDACTED].

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## 5.- ACORDO DE GASTO

Vista a instancia presentada por Dona MARINA RAÍCES MADRIÑÁN, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Monforte de Lemos (RE-E núm. 269, do 17/05/24), pola que solicita que se lle indemnicen os danos padecidos no vehículo da súa propiedade marca PEUGEOT 2008, matrícula 6556 KMK, que aconteceron o pasado día 10 de maio do corrente no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, como consecuencia das labores de desbroce que estaban efectuando operarios municipais, achegando factura de reparación de taller autorizado.

Tralas pescudas oportunas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, recoñece a responsabilidade municipal nos danos expostos e tendo en conta que a contía reclamada é inferior á franquía do seguro de RC contratado polo Concello, acorda aprobar un gasto por importe de CENTO CORENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (149,66 €) a favor da propietaria do vehículo danado.

## 6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 516,18 €  
Por seguro semestral do camión vello de recollida do lixo, s/factura núm. 75202419900020004272 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 63,41 €  
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361324FC0003390.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 102,70 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 225,23 €  
Por diversas reparacións en vehículo municipal, s/factura núm. C 10404.
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 1.144,38 € E 1.049,60 €  
Por subministro de canles de abastecemento e saneamento para obras municipais, s/facturas núm. 24-LAL/1342 e 24-LAL/1343 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 269,93 €  
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 10405.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 2.051,29 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo e á maquinaria da Mancomunidade no mes de abril de 2024, s/factura núm. FA – 800.
- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U. 8.274,42 €  
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/factura núm. 24124 (FACe).

- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 556,60 €  
Por traballos de pala en Senra, s/factura núm. 7.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)